



Xacobeo 2021

galicia

PROGRAMA OPERATIVO  
FEDER GALICIA  
2014-2020

*Unha maneira de facer Europa*



**Concello de Meira**  
Xuntos pola compostaxe!

Contacto:

Concello de Meira  
Plaza do Concello s/n - 27240 Meira  
Tel: 982 330 102 | Fax: 982 104 090  
concello.de.meira@eidolocal.es



### Requisitos de inscrición

- Os veciños e veciñas interesados en participar no programa de compostaxe deben poñerse en contacto co Concello de Meira e facilitar os seguintes datos: **nome, apelidos, DNI, teléfono de contacto e enderezo.**
- Deben dispor dun espazo de horta e/ou xardín de superficie aproximadamente 50 metros cadrados.
- Deben comprometerse a facer un uso responsable do composteiro cedido e a facilitar o seguimento por parte dos técnicos especialistas na materia.

A selección de participantes será por orde de solicitude.

“ Cada cidadán que compostea  
deixa de emitir á atmosfera uns  
155 quilos de CO<sub>2</sub> ao ano. ”

IMPRESO SIN DIRECCIÓN

## Xuntos pola compostaxe!

Implantación e seguimento dun proxecto de compostaxe doméstica para os concellos de A Pontenova, A Pastoriza, Meira, Pol, Ribeira de Piquí e Riotorto.



Concello de Meira



# Xuntos pola compostaxe!

Implantación e seguimento dun proxecto de compostaxe doméstica para os concellos de A Pontenova, A Pastoriza, Meira, Pol, Ribeira de Piñón e Riotorto.

## Que é a compostaxe?

A compostaxe é unha práctica tradicional que permite converter os biorresiduos nun produto fertilizante natural e de calidade.

Elaborar o teu propio compost é sinxelo e moi beneficioso!

## Que vantaxes ten?

Aforro na recollida do lixo, mellora na reciclaxe, redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, obtención dun fertilizante orgánico natural, etc. Hai moitas razóns para pasarse á compostaxe!

“ O compost é un fertilizante natural para a terra que se obtén da degradación de restos de comida e vexetais misturados con materiais leñosos e secos que funcionan como estruturante. ”



## Que depositar no composteiro?

Para obter un bo compost precísanse restos orgánicos o máis variados posible.

### Pódese depositar

Restos da cociña: Restos de froitas e verdura, carne e peixe, cascas de ovos e froitos secos, posouros de café, pan, arroces, pastas, etc.

Pequenos restos do xardín e da horta: Follas, herba, restos de poda, restos da colleita da horta, serraduras de madeira natural, etc.

### Non se pode depositar!

Cueiros desbotables, revistas ou papeis impresos a cor, cabichas, metais, vidro, varreduras da casa, etc.

